

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA POLÍTICA INDUSTRIAL EN GALICIA

Consideracións



1.- A evolución dos últimos cinco anos do Índice de Producción Industrial de Galicia (Ipiga), que trata de reproducir a evolución da industria en termos reais, amosa un aumento da actividade industrial, pasando o seu valor do 118,7 de 1997 ó 162,0 do ano 2001. A taxa de crecemento industrial no período considerado foi do 36,5%, sendo do 6,3% entre os anos 2000 e 2001.





A *Encuesta Industrial de Empresas* reflicte que a poboación ocupada no sector industrial no ano 2000 ascendeu a 157.373 persoas, 7.488 ocupados máis (5,0%) que no ano anterior. A *Enquisa de Poboación Activa* (metodoloxía EPA 2002) amosa un crecemento do 3,3% respecto a 1999, sendo a poboación ocupada de 186,2 miles de persoas.





A poboación ocupada no sector industrial





situouse no ano 2001 en 206,5 miles de persoas. Obsérvase unha tendencia crecente no número de ocupados dende o ano 1994. No devandito ano, a poboación ocupada na industria acadou o seu mínimo dende que se dispón datos, situándose en 137,7 miles de persoas. Isto significa un 64,3% da poboación que estaba ocupada na industria no ano 1977, que era de 214,3 miles de persoas. A década dos 80 e a primeira metade dos 90 supuxeron un descenso dos ocupados na industria de case o 24%. Vinte e cinco anos despois aínda non fomos quen de recuperar-lo mesmo nivel de emprego industrial.

Galicia nos últimos vinte anos sufriu un proceso de reconversión do sector industrial, fundamentalmente no naval e na siderurxia, que supuxo o cese na actividade de miles de traballadores e, nalgún caso, o peche de instalacións.









C.- Consideracións

Os complexos de actividades ligadas á explotación de recursos naturais diminúen a súa importancia tanto no VEB como nas exportacións. Tan só aumenta o subgrupo de complexos emerxentes (pedra natural, viños e licores e o turismo). Esta evolución non é allea ó forte proceso de reconversión ó que se viron sometidos nas dúas últimas décadas os sectores agrario e pesqueiro, e que aínda non ten visos de ter rematado ante as perspectivas actuais das reformas tanto da Política Agraria Común como da Política Común de Pesca.

O transvase de traballadores dos sectores tradicionais de Galicia como a pesca e a agricultura non se canalizaron cara á industria. Por outra banda as alternativas postas en marcha nas áreas de reindustrialización non acadaron os obxectivos que nun principio se lles esixía, ó non ser capaces de rexenerar o nivel de emprego industrial anterior.

2.- O CES considera que o deseño de política industrial para Galicia debe corrixir os desfases producidos polos procesos de reconversión levados a cabo e rexenerar o sector industrial productivo, co fin de eliminar os desequilibrios existentes, incidindo no desenvolvemento dos recursos endóxeos, na consecución dos ciclos productivos e a xeración de maior VEB. Débese facer un esforzo na implantación de industrias de novas tecnoloxías de cara á creación de emprego estable e, fundamentalmente, de riqueza.

Tendo en conta a situación e estrutura da industria en Galicia, o CES considera que a Xunta de Galicia debe definir un proxecto propio de política industrial que, apostando de forma decidida polo sector industrial como factor esencial de crecemento e fortalecemento da nosa economía, nos aproxime ós niveis industriais doutras comunidades autónomas máis desenvolvidas.

O desenvolvemento do sector industrial vai vencellado á necesidade de mellorar as infraestruturas; os parques empresariais, as infraestruturas viarias, o achegamento ós portos e aeroportos, pezas fundamentais para competir cos principais núcleos de decisión, Madrid, Barcelona, Bilbao, etc.


Sería necesario que a Xunta de Galicia, máis

concretamente a Consellería de Industria e Comercio, e a Universidade tivesen máis conexión para o desenvolvemento de novas tecnoloxías, de innovación. Xunto con isto, sería imprescindible realizar un esforzo político de cara a que as empresas privadas reinvestiran, nunha maior contía, parte dos seus beneficios en I+D e un compromiso absoluto co emprego e o medio ambiente.

O investimento no sector industrial en Galicia, en relación co VEB industrial, está a dous puntos de diferenza respecto ó estado, pero dito diferencial acada os sete puntos nos sectores de tecnoloxía intensiva. Na nova economía, baseada no coñecemento, a clave do desenvolvemento industrial, o incremento da produtividade e a mellora salarial está na capacidade innovadora, a eficiencia e a calidade das empresas intensivas en tecnoloxía ou tecnoloxicamente avanzadas. Ditas empresas necesitan un forte soporte financeiro e comercial (exportación) que as permita asumirlos elevados riscos da creación ou introducción de novas tecnoloxías. O sector financeiro e o sector público deben implicarse en facilita-las ditas iniciativas.

3.- O PEDEGA debe ser un instrumento de orientación de cara ó gasto dos fondos estruturais da Comunidade Europea, dado que nace como consecuencia da aplicación do PDR en Galicia, xunto con este, é necesario facer unha política propia e un maior esforzo orzamentario en políticas industriais, non deixando todo á iniciativa privada.

O CES, no seu dictame 1/99, sobre o Plan Estratéxico de Desenvolvemento económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006, consideraba que o PEDEGA debe ser entendido como un marco de referencia da concertación social e do desenvolvemento dos diferentes plans sectoriais, que deberán complementalo durante o período de vixencia do mesmo. As medidas e obxectivos deberán adaptarse, con flexibilidade, ás variacións do entorno, a través dos “mecanismos de seguimento en negociación do propio PEDEGA. As súa concreción en cifras, prazos, e proxectos a través dos acordos e plans sectoriais que se lle incorporen deben ser referencias necesarias para permiti-lo seguimento da relación entre as súas previsións e os seus obxectivos.



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA POLÍTICA INDUSTRIAL EN GALICIA

Ditos mecanismos de seguimento están establecidos no Regulamento Interno do Comité de seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006, na que a Participación dos interlocutores económicos e sociais, prevista no artigo 17.2.d) do Regulamento (CE) 1260/1999 e no apartado 6.3.3. das disposicións de aplicación do dito programa, levarase a cabo mediante convocatorias expresas cursadas á Mesa sectorial Específica de Cooperación do Consello Económico e Social de Galicia para as reunións do Comité de Seguimento.

O CES considera que na Mesa sectorial Específica de Cooperación do Consello Económico e Social de Galicia, debe realizarse un seguimento especial dos indicadores dos obxectivos estratéxicos de política industrial, incluídos entre os establecidos inicialmente como criterios de eficacia, contidos nos informes de execución do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006, dado que os indicadores seleccionados para a atribución da reserva de eficacia son, na súa maioría, indicadores estratéxicos de política industrial. Ditos indicadores, por eixes e medidas, están recollidos no **cadro C.1.**

Indicadores estratéxicos de política industrial

Eixe 1.- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo

1.- Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
768 Empregos creados	Impactos	Unidades	13.960
555 Invetimento privado total inducido	Resultados	euros	1.901.141.610

2.- Mellora da transformación e comercialización de produtos agrícolas

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
697 Emprego creado	Impactos	Unidades	400
707 Emprego mantido	Impactos	Unidades	9.100
548 Inv. privado inducido	Resultados	euros	462.640.000

3.- Provisión e adecuación de espazos productivos e de servizos ás empresas

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
427 Superficie acondicionada	Realizacións	m²	1.100.000

Eixe 2.- Sociedade do coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da información)

2.- Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico:

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
262 Proxectos de I+D+I cofinanciados	Realizacións	Unidades	2.661
579 Investigadores implicados	Resultados	Unidades	15.000

7.- Sociedade da información

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
775 Fogares conectados a Internet	Impactos	Unidades	100.000

Eixe 3.- Medio ambiente, entorno natural e recursos hídricos

1.- Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
114 Conduccións novas	Realizacións	km	155

3.- Saneamento e depuración de augas residuais

Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
3046 Habitantes e equivalentes conectados a depuradoras	Resultados	Unidades	135.378





6.- Protección e rexeneración do entorno natural


Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
3003 superficie reforestada u afectada en actuación de prevención, protección e rexeneración	Realizacións	Has.	1.607




9.- Silvicultura


Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
693 Superficie forestal mellorada en estado san ós 3 anos	Impactos	Has.	76.320

•/••









C.- Consideracións

••/••

Eixe 6.- Redes de transporte e enerxía

1.- Estradas e autovías			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
24 Autovía nova	Realizacións	Km	202,8
38 Estrada acondicionada	Realizacións	Km	214,4
41 Estrada nova	Realizacións	Km	67
65 Desdoblamento	Realizacións	Km	18
3.- Ferrocarrís			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
132 Renovación e mellora de vías de ferrocarril	Realizacións	Unidades	201,8
4.- Portos			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
71 Dragados	Realizacións	m³	1.500.000
8.- Redes de distribución de enerxía			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
1018 Rede de transporte de enerxía eléctrica construída	Realizacións	Km	1.350
9.- Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxético agás as actuacións contempladas na medida 6.10.			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
416 Posicións de subestación construída	Realizacións	Unidades	12
418 Posicións de subestación mellorada			

Eixe 7.- Agricultura e desenvolvemento rural

2.-Desenvolvemento e mellora das infraestructuras de apoio			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
1020 Superficie afectada en reparcelación de terras	Realizacións	Has.	150.000
8.- Prestación de servicios ás exportacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería fin.			
Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
730 Explotacións acollidas/controladas	Resultados	Unidades	110.000

